



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO EN PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DE ORDENANZA MUNICIPAL.

Expte. TEDEC: 2025/G013/000001 (Ordenanza)

Expte. TEDEC: 2025/G003/000168 (Decreto)

Mediante Resolución da Alcaldía con número de Decreto 156/2025, do 3 de marzo de 2025, aprobouse a necesidade dunha consulta pública, a través do portal da web do Concello da Baña (<https://www.concellodabana.gal>) na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

Outorgarase un prazo de achegas por parte da cidadanía de 7 días naturais dende a publicación do anexo na web municipal. As achegas deberán realizarse a través da sede electrónica empregando o formulario de achega de documentación complementaria, indicando no apartado "código de expediente" o seguinte: **2025/G013/000001**.

Poderá acceder a dito trámite de participación cidadá a través do seguinte enlace: https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion_N

A continuación, recóllese o anexo ao que fai referencia o Decreto nº 156/2025 con data do 03/03/2025.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO – ASPECTOS OBXECTO DA CONSULTA PÚBLICA

Vista a necesidade de elaboración dun anteproxecto de Ordenanza Reguladora das Prestacións Municipais de Emerxencias Sociais do Concello de A Baña, e de conformidade con artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza arriba referenciada procédese a sustanciar unha consulta pública, a través do Portal web do Concello de A Baña, na que se recabará a opinión dos cidadáns e das organizacións e asociación máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poden facer chegar as súas opinións por escrito, as cales se poderán presentar telemáticamente no Rexistro deste Concello ou a través dos medios previstos na LPACAP no prazo de 7 días naturais dende a publicación do presente anuncio na páxina web municipal.

Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

Con esta iniciativa normativa, nunha materia sobre a que non existe outro instrumento regulador aprobado polo Concello da Baña, preténdese asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

O Concello da Baña estima preciso aprobar unha Ordenanza para dar cumprimento co previsto na Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, que atribúe aos concellos no seu artigo 25.2.e) a avaliación e información de situacións de necesidade e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

En conexión co anterior, o concello como institución máis achegada á cidadanía, debe promover e garantir políticas de integración e normalización dos dereitos de todas as persoas que vivan na Baña, de maneira que poidan desfrutar de todos os recursos e servizos que lles permitan levar unha vida digna.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Os obxectivos da norma.

Os obxectivos desta iniciativa regulatoria, no exercicio das competencias do Concello da Baña e na aplicación da lexislación, son a prevención das situacións de exclusión social e a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Dado que se considera xustificada a conveniencia e oportunidade de redactar unha ordenanza como instrumento capaz de establecer un marco xurídico de referencia na materia no termo municipal, que incorpore as concretas especificidades que se dan no Concello, estímase que non existe instrumento normativo máis apropiado para acadar o fin perseguido que a adopción desta Ordenanza.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE